

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.62628>

 EDICIONES
COMPLUTENSE

ÁLVAREZ MANEIRO, Gemma e Giovanni BORRIERO (2018): *La letteratura galega. Autori e testi*. Padova: Carocci editore (Col. Lingue e Letterature Carocci 254), 408 pp.

Calquera cultura e calquera literatura viven en diálogo con outras culturas e outras formas de afrontar o feito artístico. Todas as manifestacións culturais nacen e desenvólvense en abertas relacións con mundos expresivos distintos. Entre todos van contribuíndo á grande construción colectiva que chamamos cultura, arte etc. A partir desta idea é dende a que hai que valorar este libro no que se achega a literatura galega á cultura italiana. Unha obra na que conflúen varias virtudes: unha gratísima claridade expositiva, un gran rigor académico, unha bibliografía magnificamente elixida e organizada e unha edición coidada á altura dos propósitos da autora e do autor deste libro.

Como pórtico deste estudo atopamos un prólogo de Xesús Alonso Montero, en tradución de Rachele Fassanelli, titulado *Prologo appassionato ad un'antologia in italiano di 50 scrittori galeghi: una mezza dozzina di osservazioni*. Comeza o profesor Alonso Montero enxalzando a importancia e o rigor desta escolma: “Non esiste nel panorama letterario italiano una raccolta di testi galeghi così ampia, così ambiziosa ed elaborata con tanto rigore come questa antologia della letteratura galega” (p. 11).

Explica, despois, a orixe do Día das Letras Galegas e a incomodidade que supuxo para o réxime de Franco dita celebración, mormente cando os homenaxeados foron autores como Castelao ou Curros, debido ás súas implicacións políticas ou anticlericais. Esta explicación xustifícase no feito de que os antólogos, Gemma Álvarez Maneiro e Giovanni Borriero, basean a súa escolla nos cincuenta primeiros escritores –deles, tres mulleres– homenaxeados o 17 de maio pola Real Academia Galega.

Tamén analiza o ex presidente da Academia as relacións anteriores de Italia coa literatura galega e desta coa cultura italiana. Traducións de Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro, Manuel Curros Enríquez ou actuacións

musicais de Bibiano e Benedicto, compoñentes de Voces Ceibes, por varias cidades italianas. E menciona, neste apartado de relacións entre as dúas literaturas, o traballo de Borriero, *Una longa noite de pedra: sul galego ai tempi di Franco*, e, sobre todo, a consideración e o tratamento da literatura galega por parte de Giacomo Prampolini na súa magna obra *Storia universale della letteratura*.

Despois deste prólogo vén unha introdución de Gemma Álvarez Maneiro e Giovanni Borriero na que manifestan a súa intención de explicar o contido, estrutura e método do volume, que consta de cinco apartados: Título, Galicia/Italia, Contido, Estrutura e Grazas.

En canto as relacións de Galicia e Italia, indican que están documentadas dende mediados do século XVIII. Repasan os momentos iniciais, *O divino sainete* de Curros, a Xeración Nós, a penuria destas relacións baixo a ditadura franquista e as relacións actuais coas traducións de autores fundamentais italianos ao galego como Dante, Petrarca, Boccaccio, Manzoni, Pavese, Pasolini ou Tabucchi entre outros. Dende a outra dirección sinalan os autores galegos traducidos para o italiano: Rosalía, Castelao, Celso Emilio Ferreiro, Carlos Casares, Manuel Rivas etc. Tamén se fala da relación de Italia cara á literatura galega iniciada polo humanista Angelo Colocci, e o seu interese polos Cancioneiros. Rematan, na liña do prólogo de Alonso Montero, salientando a importancia da *Storia universale della letteratura*, na que dedica “uno spazio autonomo alle lettere galeghe” (p. 20).

A continuación analizan o contido do libro. Enumeran os cincuenta autores seleccionados, os primeiros aos que se lle adica o Día das Letras Galegas. Sobre eles fan un percorrido pola Historia da Literatura Galega, manifestando antes de nada que é “Assai ridotta, como si vede, la presenza femminile (con solo tre voci:

Rosalía de Castro [n. IX]; Francisca Herrera Garrido, n. XVII; María Mariño, n. XXXIX)” (p. 22).

A orde en que aparecen os autores non é a da concesión do seu Día, senón a que lle corresponde segundo a datación histórica. Deste xeito, comeza con Afonso X e remata con Lois Pereiro. Gemma Álvarez Maneiro e Giovanni Borriero percorren tamén as vicisitudes da lingua galega nos distintos períodos históricos, dende a Idade Media á época actual con toda a complexidade social, organismos e correntes normativas.

Antes de pasar á escolma, Álvarez e Borriero explican a estrutura de toda a obra: o prólogo de Alonso Montero, o estudo histórico, a antoloxía e os tres apéndices. A antoloxía consta, en cada caso, dunha ficha bio-bibliográfica, estudos críticos sobre a mesma e unha mostra da obra coa correspondente tradución para o italiano.

A seguir do capítulo dos autores, ofrécense tres apéndices. O primeiro son cinco mapas de Galicia, dende o Medioevo até a actualidade. O segundo refírese á historia e á literatura, ordenado en catro épocas e en cada unha delas, por orde alfabética, aparecen unha serie de feitos históricos, movementos, institucións relacionadas coa lingua ou coa política etc. O terceiro destes apéndices é unha listaxe de cento

dezasete publicacións periódicas, ordenadas alfabeticamente.

Antes do remate do libro, atopamos un glosario duns cincuenta termos galegos, tales como *bardo*, *castrapo*, *foliada*, *gándara* ou *zorza*, entre outros. Despois inclúese unha bibliografía e pecha o volume un índice alfabético de autores.

En resumo, na nosa opinión, trátase dun libro de aproximación á Literatura Galega e, a partir dela, mesmo á súa cultura e á súa historia. Obra perfectamente organizada, clara e metódica que supón moito máis ca unha iniciación ou un manual divulgativo sobre a literatura de noso. Consideramos que é un primeiro paso para interesarse polos autores, homes e mulleres, que non foron galardoados co Día das Letras, pero que, igualmente, merecen a atención da comunidade lectora ou investigadora no ámbito da lingua italiana.

Con certeza este é un convite, ademais dunha motivación sólida, para avanzar polos carreiros da literatura galega. Benvinda sexa esta obra que recibimos con gratitude e admiración pola seriedade, a nitidez e o esforzo cos que se nos ofrece.

Manuel Pereira Valcárcel
manuelpereiravalcarcel@gmail.com